

GUÍA DO TRABALLO FIN DE GRAO

Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo

Curso Académico 2018-2019

CONTIDOS DA GUÍA

1. MATRÍCULA E CONVOCATORIAS
2. PROPOSTA DO TRABALLO FIN DE GRAO (TFG)
3. COMISIÓN DO TFG
4. DIRECCIÓN DO TFG
5. DESCRIPCIÓN E FORMATO DOS TFG
 - 5.1. Criterios estruturais
 - 5.2. Criterios formais
6. PRESENTACIÓN E DEFENSA DOS TFG
 - 6.1. Entrega do traballo
 - 6.2. Formación do Tribunal de Avaliación
 - 6.3. Defensa dos TFG
 - 6.4. Avaliación dos TFG
7. DEREITOS DO ALUMNO
8. DEBERES DO ALUMNADO
9. PARA SABER MÁIS

ANEXOS

Anexo 1: Comunicación dos traballos a dirixir.

Anexo 2: Formación do tribunal.

Anexo 3: Informe previo e preceptivo de titorización.

Anexo 4: Informe preceptivo e confidencial do traballo fin de grao.

Anexo 5: Acta de constitución do tribunal.

Anexo 6: Acta de defensa e avaliación do traballo fin de grao

O *Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro e posteriores modificacións*, establece que as ensinanzas de grao concluirán coa elaboración e defensa do Traballo Fin de Grao (TFG) e que deberá realizarse na fase final do plano de estudos, estando orientado á avaliación de competencias asociadas ao título.

O TFG é unha materia transversal de carácter obrigatorio, cunha carga lectiva de 6 créditos, dentro do Sistema Europeo de Transferencia de Créditos.

Sitúase no 2º semestre do cuarto curso.

Os TFG consistirán na elaboración por parte do estudante, de forma individual, dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados na titulación de grao. Incluirán, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de resultados relevantes, redacción, e presentación e defensa do traballo. Estarán orientados á avaliación das competencias asociadas á titulación como: capacitar para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes, da súa área de estudo; emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas destacados de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

1.- MATRÍCULA E CONVOCATORIAS

Realizarase nos prazos establecidos para a matrícula ordinaria, conxuntamente coas materias que teñan pendentes de superar para completar os estudos de grao, de ser o caso. A matrícula dará dereito a presentación do traballo en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais dentro do curso no que estea matriculado, sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

Os TFG entregados só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou tódolos créditos necesarios para a obtención do título de grao, salvo os correspondentes aos propios do Traballo de Fin de Grao (TFG).

O centro, ou o órgano que corresponda, deberá verificar que se cumpran estes requisitos para autorizar a súa defensa. Para estes efectos, no caso de que na data de defensa aínda non se receptaran tódalas actas de avaliación das materias, o/a secretario/a do centro responsable da titulación solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia defender os traballos na mesma convocatoria.

No caso de que o/a estudante non se presentara ás convocatorias para a lectura e defensa do TFG no curso no que estea matriculado, ou non o superase, deberá formalizar nova matrícula.

Para poder formalizar a matrícula, no momento de realizala, o/a estudante poderá ter pendentes de realizar como máximo 75 créditos para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG.

Os centros, a través dos órganos que correspondan, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, concretarán as datas para a celebración das defensas dos traballos nos intervalos temporais que determine o calendario académico.

O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado para os TFG será de catro, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. A obtención de non presentado nalgunha das oportunidades ou en todas computarase para os efectos de consumir a convocatoria. Para poder presentarse a unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

Unha vez formalizada a matrícula, non se procederá á devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse. No suposto de que o/a alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

O Centro informará das áreas temáticas e a relación de titores/as, para que o estudantado poida indicar as súas preferencias.

2. PROPOSTA DO TRABALLO FIN DE GRAO (TFG)

O TFG supón a realización por parte de cada estudante e de forma individual dun traballo de revisión bibliográfica e ou un traballo de investigación, dende o prisma da disciplina enfermeira. Neste traballo integraranse e desenvolveranse os contidos formativos recibidos, capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao.

Cada TFG deberá estar asociado a un/unha titor/a que será o responsable da supervisión do mesmo, orientando ao alumno/a no transcorrer do desenvolvemento do traballo. Os/as titores/as serán profesorado de calquera das materias da titulación da Escola de Enfermaría de Lugo na que o alumno está matriculado.

O/a titor/a de cada estudante será asinado pola *Comisión do TFG*, atendendo ao expediente académico e ás preferencias mostradas por cada estudante.

3. COMISIÓN DO TFG

A *Comisión do TFG* estará constituída por:

A Directora da Escola Universitaria de Enfermaría ou persoa na que delegue.

A Coordinadora do TFG

3 Profesores entre os/as directores/as dos TFG.

1 Estudante

Son funcións da Comisión do TFG:

– Propoñer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento e exposición/defensa; así como os criterios de avaliación, porcentaxe da cualificación asignada ao desenvolvemento do traballo, a exposición e defensa do traballo, e outras características de avaliación fundamentais que se seguiran durante este proceso da formación académica.

– Establecer o sistema de avaliación das actividades formativas dos TFG.

– Establecer o tempo máximo do que o estudante disporá para a súa defensa.

– Establecer as datas de 3 convocatoria anuais para a presentacións de TFG.

– Determinar os sistemas de titoría.

– Aprobar a proposta das liñas temáticas e temas de investigación.

– Establecer e publicar un procedemento para a asignación dos titores/as e os temas que poderán desenvolverse na elaboración dos traballos.

– Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/a asignado derivada de situacións excepcionais.

– Fixar as características tanto estruturais, como formais dos traballos TFG (extensión, formato, contido mínimo)

– Aprobar os tribunais de avaliación

– Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais.

– Propor os prazos de entrega dos traballos e informes de seguimento e as datas de defensa dos traballos de acordo co calendario académico.

– Solucionar as incidencias graves relativas a esta materia.

– Calquera outra que a Xunta de Centro lle encomende en relacionada co TFG.

4. TITORIZACIÓN DO TFG

Serán funcións do/da titor/a do TFG:

1. Establecer a planificación individual do seguimento do TFG.
2. Supervisar a adquisición das competencias asociadas a esta materia e orientar no seu desenvolvemento.
3. Seguimento do proceso de realización do TFG.
4. Elaborar o informe de idoneidade do TFG. (ANEXO 3)

O/a estudante ten dereito a 10 titorías, e debe manter polo menos tres (a 1ª, 5ª e 10ª), que son de carácter obrigatorio:

- Primeira titoría: antes de comezar o desenvolvemento do traballo, o/a estudante presentará de forma sintetizada unha breve descrición da pertinencia do tema, da metodoloxía prevista e da bibliografía, ou fontes documentais iniciais.

- Segunda, terceira e cuarta titorías: aclaración de dúbidas e seguimento do traballo, por parte do titor.

- Quinta titoría: o/a estudante presentará o desenvolvemento do traballo e explicará as dificultades que se atopou no mesmo. O/a titor/a supervisarán o traballo e recomendarán as medidas de corrección e mellora oportunas que permitan unha adecuada finalización do mesmo. Esta titoría considérase un punto de non retorno na cualificación (non presentado) no caso de que non se cumpran os contidos establecidos nesta titoría, notificándose dito feito á Comisión de TFG.

- Sexta, sétima e oitava titorías: aclaración de dúbidas e seguimento da redacción do traballo.

- Novena titoría: entrega do traballo rematado ao titor e realización, por parte deste, do informe de idoneidade (ANEXO 3). Dito informe deberá ser positivo para que o/a estudante poida presentar e defender o TFG diante do tribunal.

- Décima titoría: ensaio e posta en escena da presentación e defensa do TFG que se pensa realizar diante do tribunal.

A adxudicación de titor, así como a elección de modalidade e contido, terá validez unicamente durante o curso académico no que se realiza. Para a súa continuidade durante o curso académico seguinte, será necesario que o estudante presente na Secretaría do Centro unha petición motivada de continuidade da devandita adxudicación co visto e prace do titor/a.

5. DESCRICIÓN E FORMATO DOS TFG

5.1. CRITERIOS ESTRUTURAIIS

Tódolos TFG deberán axustarse á estrutura proposta nesta guía; no caso de elixir outro modelo de estrutura para o corpo central do TFG, deberase xustificar esa decisión (de forma explícita) no apartado de material e métodos e así mesmo durante a presentación oral e defensa do mesmo.

1. Portada

Na identificación debe incluír: TFG en enfermaría, curso académico, título en galego, castelán e inglés, autor/a, titor/a, convocatoria e idioma da exposición oral do traballo.

2. Informe do/a titor/a

Informe previo e perceptivo de titorización e de avaliación positiva do/a titor/a (ANEXO 3).

3. Resumo (e palabras clave)

O resumo será conciso, claro e ben estruturado plasmando os obxectivos, a metodoloxía, os resultados a discusión e as conclusións, cunha extensión de entre 250 e 350 palabras.

As palabras clave colocaranse a continuación do resumo e servirán para identificar o traballo no contexto da temática estudada.

Abstract (and keywords)

Tradución ao inglés do resumo e das palabras clave.

4. Índices ou táboas de contidos

Contará como mínimo cunha táboa de contidos na que se deberán enumerar os diferentes apartados dos que consta o traballo, así como o número de páxina onde comeza cada un deles.

De seguido acompañarse a relación de abreviaturas e acrónimos, por orde de aparición.

5. Corpo central do traballo

O corpo central do TFG debe contar cos seguintes apartados:

- **Introdución:** farase unha descrición do problema ou tema que se estuda, marco conceptual e ou teórico, estado da cuestión, isto supón unha revisión da información existente á que se ten acceso relacionada co tema elixido. Trátase de expor a forma en que se teorizan as cuestións que se abordan no TFG.

A información procederá de fontes diversas que deben ser citadas: fontes bibliográficas, xa sexan artigos orixinais, libros, páxinas de información dispoñibles en internet ou outras.

- **Xustificación:** Xustificar o interese e idoneidade do tema elixido en función do interese social, sanitario, profesional, teórico, administrativo, científico ou ético.
- **Obxectivos:** Os obxectivos deberán especificar os propósitos do traballo en función dos coñecementos previos.
- **Hipótese:** Se procedese.
- **Material e Método:** Neste apartado respóndese a pregunta de como se fixo a investigación, dando conta do material que se empregou, de que estratexias e procedementos se seguiron para recoller as evidencias do traballo.
No caso de non seguir a estrutura recomendada nesta guía para a presentación do TFG é este apartado o lugar idóneo para xustificar os motivos que levaron a esa decisión especificando esta circunstancia, que deberá contar coa venia do titor académico do traballo.
- **Resultados:** Exporanse as principais evidencias atopadas no estudo. Deben de presentarse usando unha secuencia temporal lóxica, primeiro os datos iniciais, seguidos polos resultados obtidos tralo tratamento destes.
- **Discusión e Conclusións:** Poden ser dous apartados diferenciados ou formar parte un do outro).

Discusión: Interpretáanse os resultados do apartado anterior. Discútense as similitudes e diferenzas con outros traballos xa publicados. Comunícanse as fortalezas ou limitacións do estudo.

Conclusións: Deben de responder aos obxectivos do estudo, evitando facer afirmacións rotundas e sacando conclusións que non estean debidamente apoiadas polos datos.

- **Bibliografía:** as citas e as referencias bibliográficas realizaranse seguindo normas Vancouver, APA ou ISO 690:2010, calquera outra metodoloxía bibliográfica que se empregue deberá de xustificarse no apartado de material e métodos.
- **Agradecementos e anexos:** No caso de que se estime oportuno axuntar o TFG unha sección de agradecementos, esta colocárase trala sección de referencias bibliográficas, antes dos anexos no caso que se axunten estes.

5.2. CRITERIOS FORMAIS

O TFG terá unha extensión mínima de 25 páxinas e máxima de 30, contabilizándose aparte a portada, o informe de idoneidade do titor, o resumo, o abstract, as táboas de contidos, a bibliografía e anexos. (Partirá polo tanto da paxina 1, na primeira paxina da introdución).

O formato será o seguinte:

- Tipo e tamaño de fonte: Arial (11 pt) ou Times New Roman (12 pt).
- Entreliñado: 1,5.
- Marxes: superior, inferior 2,5 cm e dereito e esquerdo 3 cm.
- Paxinación: incluír o número da páxina no ángulo inferior dereito, excluindo as páxinas preliminares (sinaladas máis arriba), podendo empregarse nestas últimas e ate a páxina 1 numeración romana.
- Aliñación de texto: Xustificado.
- As abreviaturas utilizadas, deberán especificarse a primeira vez que se aplican no texto.
- As notas que se consideren pé de páxina deben escribirse en espazo simple.
- Os gráficos, táboas e imaxes irán numerados por orde de citación e acompañados dun enunciado que explique brevemente o que se quere ilustrar.

6. PRESENTACIÓN E DEFENSA DOS TFG

6.1. ENTREGA DO TRABALLO

O TFG será entregado polo/a estudante na secretaría do centro nas datas que previamente foran publicadas no taboleiro, achegando 4 copias en formato papel.

O/a estudante indicará na secretaría a convocatoria á que opta.

A secretaría do centro emitirá o acuse de recibo da documentación entregada polo estudante.

Desde a secretaría do centro entregarase a documentación ao secretario/a do tribunal que corresponda avaliar o devandito traballo, para a súa distribución ao resto de membros do mesmo.

Encadernación: Deberá presentarse un exemplar coa encadernación segundo o modelo Channel, con tapas de cor azul en formato duro, na que deberá incluírse 1 copia en soporte electrónico (CD) en formato PDF pegado na contraportada do traballo, e tres exemplares en formato espiral, nos catro figurará tamén o informe de idoneidade do/a titor/a do TFG. (ANEXO 3)

6.2. FORMACIÓN DO TRIBUNAL DE AVALIACIÓN

Todo o profesorado que imparte docencia no grao está obrigado a formar parte dos tribunais que han de xulgar os traballos de fin de grao.

O tribunal estará formado por profesores/as desta Escola Universitaria de Enfermería, nomeados/as pola Comisión de TFG. Cada Tribunal estará formado por tres membros e, polo menos, un suplente que substituirá ao membro ausente. Na constitución do tribunal han de estar presentes tres membros deste: Presidente, Secretario e Vogal.

O presidente do tribunal avaliador moderará a exposición oral do traballo e o secretario encargarse de que a Acta de Defensa e Avaliación estea debidamente cumprimentada.

A configuración do tribunal deberá garantir a avaliación nas dúas linguas oficiais.

Unha vez a comisión de TFG decida a composición dos diferentes tribunais será a secretaría do centro a responsable de notificalo e publicalo.

6.3. DEFENSA DOS TFG

O TFG poderá ser defendido e avaliado unha vez que o/a estudante supere todas as materias do plano de estudos.

Para a defensa oral do traballo cada estudante disporá dun tempo entre 10-15 minutos no que deberá expor os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusións do seu TFG, contestando con posterioridade ás preguntas, aclaracións e comentarios que puidesen formularlle os membros do tribunal.

A exposición será pública e poderase realizar en calquera dos dous idiomas oficiais, que previamente sería elixido polo estudante na inscrición do mesmo.

6.4. AVALIACIÓN DO TFG

Cada un dos traballos que se defendan será avaliado por lo tribunal convocado especificamente para o mesmo.

O/a titor/a do TFG avaliado non formará parte do tribunal.

A distribución da nota das competencias será a seguinte:

1. Comunicación escrita: 20%
2. Razoamento crítico: 15%
3. Manexo das fontes de información: 10%
4. Comunicación oral: 15%
5. Creatividade e/ou orixinalidade: 10%
6. Xestión do tempo: 5%
7. Defensa razoada: 5%
8. Informe do titor/a: 20% (ANEXO 6)

O/a secretario/a do tribunal será responsable de cumprimentar e entregar a acta de constitución e a acta de cualificación do TFG. Ao final da defensa o/a secretario/a deberá deixar a acta rexistrada na secretaría do centro, publicando a cualificación provisional. (ANEXO 5, ANEXO 6).

En caso de obter a cualificación de suspenso, o tribunal fará chegar un informe ao/á estudante coas recomendacións oportunas, para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación. Enviarase tamén unha copia do informe o/a titor/a.

O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e incluírán como mínimo dúas datas opcionais. Para estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do tribunal. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa á avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

7. DEREITOS DO ALUMNOS

A propiedade intelectual dos traballos correspóndelle ao/á alumno/a que o realizou.

No caso de que os traballos se realicen no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou, de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos serán os recollidos no dito contrato ou convenio ou os que se pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

Dúas copias, unha en formato electrónico dos traballos superados quedará depositada no centro para o seu arquivo e consulta, e poderá ser utilizada na Universidade de Santiago de Compostela para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo inédito. Propóranse os dos/as alumnos/as que acaden a mención de matrícula de honra nesta materia.

8. DEBERES DO ALUMNADO

Os TFG deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se empregaron para a súa realización.

O incumprimento do indicado no apartado anterior suporá a cualificación de “suspenso” na convocatoria e o deber do/a titor/a e do tribunal que o detecte de poñelo en

coñecemento da Reitoría a efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16 da Normativa de Avaliación do Rendemento Académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Con carácter previo á autorización da defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a comisión con competencias en TFG considera que se vulneraron os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo e aplicarase o indicado no parágrafo anterior.

9. PARA SABER MÁIS

Esta é unha guía de orientación, se seguido acompañamos algunha bibliografía que trata sobre o tema que pode ser de utilidade:

Álvarez, Baelo. 2017. *El arte de presentar trabajos académicos ante un tribunal: TFG, FTM y Tesis Doctoral.* s.l. : Editorial Circulo Rojo, 2017.

Blanc, Fernández-Lasquetty. 2013. *Introducción a la investigación en enfermería.* Madrid : Difusión Avances en Enfermería, 2013.

Decalogo para presentación oral y defensa del Trabajo de Fin de Grado. *Enfermería21.* [En línea] [Citado el: 18 de 11 de 2018.] <https://www.enfermeria21.com/contenido/decalogo-para-la-presentacion-oral-y-defensa-del-trabajo-fin-de-grado/>.

Ferrer, Virginia, Carmona, Moisés y Soria, Vanesa. 2012. *El Trabajo de Fin de Grado. Guía para estudiantes, docentes y agentes colaboradores.* Madrid : McGraw-Hill/Interamericana de España, 2012.

FUAM. Yumpu. *El artículo Científico.* [En línea] [Citado el: 18 de 11 de 2018.] <https://www.yumpu.com/es/document/view/14533141/capitulo-1-el-articulo-cientifico-fuam>.

Novío Mallón, Silvia, Nuñez Iglesias, María Jesús y Freire-Garabal Nuñez, Manuel. 2016. *Investigación en Ciencias de la Salud. Metodología básica.* Santiago de Compostela : USC, editora manuais, 2016.

Novío Mallón, Silvia, Nuñez Iglesias, María Jesús y Nuñez, Freire-Garabal. *Investigación en Ciencias de la salud. Metodología básica.*

Pino Casado del, Rafel y Martínez riera, José Ramón. 2015. *Manual para la elaboración y defensa del trabajo de fin de grado en ciencias de la salud.* Barcelona : Elsevier, 2015.

Serrano Gallardo, Pilar. 2012. *Trabajo de fin de grado en ciencias de la salud.* Madrid : Difusion Avances de Enfermería, 2012.

ANEXOS

ANEXO 1

COMUNICACIÓN DOS TRABALLOS A DIRIXIR

A Comisión do Traballo de Fin de Grao comunica ao/á profesor/a

o nome dos/as estudantes que van a titorizar:

Nome da/o estudante	Título do TFG

Asdo. Secretario/a da Comisión:

ANEXO 2 FORMACIÓN DO TRIBUNAL

A Comisión do TFG comunica aos/ás profesores/as

- D./D^a Presidente
- D./D^a Secretario/a
- D./D^a Vogal
- D./D^a Suplente

Que foron elixidos membros do seguinte Tribunal do Traballo Fin de Grao

Tribunal N^o

Día Hora Lugar

Os TFG a defender serán os seguintes:

Estudante	Título	Director/a

ANEXO 3

INFORME PREVIO E PRECEPTIVO DE TITORIZACIÓN

Centro:	Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo
Titulación:	Grao en Enfermaría

DATOS DO ALUMNO/A

Apelidos _____ Nome _____
DNI: _____ Telefono _____
E-mail _____

TÍTULO DO TRABALLO FIN DE GRAO

AUTORIZACIÓN

D/D^aTitor/a
Autoriza a D/D^a..... a presentar a proposta do **TRABALLO FIN DE GRAO**, que será defendido en (indicar idioma)

OBSERVACIÓNS E COMENTARIOS

Lugo, ade 201

O/a Titor/a

Asinado: _____

SR. PRESIDENTE DO TRIBUNAL DE AVALIACIÓN

ANEXO 4

INFORME PRECEPTIVO E CONFIDENCIAL DO TRABALLO FIN DE GRAO ELABORADO POLO TITOR/A

O/A estudante:

Apelidos : Nome: DNI: Teléfono:
Enderezo electrónico:
Título do TFG:

O/A director/a do TFG:

Apelidos: Nome: DNI: Enderezo electrónico:

	SOBRESAÍNTE 9 - 10	NOTABLE 7 - 8,9	APROBADO 5 - 6,9	SUSPENSO 0 - 4,9
1. ASISTENCIA A TITORÍAS				
2. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO				
3. BUSCA BIBLIOGRÁFICA				
4. ENTREGA NOS PRAZOS PREVISTOS				

Lugo, a de de 201

A Titor/a :

Asdo: _____

ANEXO 5

ACTA DE CONSTITUCIÓN DEFENSA E AVALIACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO

O Tribunal constitúese ás _____ horas do día ____ / ____ / ____ cos seguintes membros:

Presidente/a:	
Secretario/a:	
Vogal :	
Director/a do TFG	
Título do TFG	

O Presidente inicia a sesión ás _____ horas para a avaliación do TFG do/a **estudante:**

Asdo. Secretario/a

ANEXO 6

ACTA DE DEFENSA E AVALIACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO

COMPETENCIA XENÉRICA	SOBRESAÍNTE 9 – 10	NOTABLE 7 - 8.9	APROBADO 5 – 6.9	SUSPENSO 0 - 4.9	PORCENTAXE NOTA FINAL	NOTA FINAL
COMUNICACIÓN ESCRITA					20%	
RAZOAMENTO CRÍTICO					15%	
MANEXO DAS FONTES DE INFORMACIÓN					10%	
COMUNICACIÓN ORAL					15%	
CREATIVIDADE E/OU ORIXINALIDADE					10%	
XESTIÓN DO TEMPO					5%	
DEFENSA E RAZOAMENTO					5%	
INFORME DO TITOR/A					20%	

O TRIBUNAL outorga a seguinte cualificación:

--

Lugo, a de de 201

O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

Vogal

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____

INFORME DE AVALIACIÓN DA DEFENSA DO TFG

Título:

Nome e apelidos do estudante:

1. Avaliación da Memoria do TFG			
Competencia xenérica	Criterios de avaliación	Puntuación Máxima	
Comunicación escrita	Corrección da linguaxe profesional e adecuación da terminoloxía ao tema tratado.	0.5	
	Utilización correcta das regras gramaticais e ortográficas, cunha redacción clara e entendible.	0.5	
	Estrutura e extensión axustadas á guía establecida.	0.5	
	O nivel de desenvolvemento dos contidos presenta a profundidade requirida para un titulado de grao.	0.5	
Subtotal (puntuación máxima 2)			
Razoamento crítico	Análise do problema e xustificación do tema de estudo	0.5	
	Os obxectivos son claros e formulados correctamente, e correspóndense cos resultados e as conclusións ofrecendo unha visión global do tema.	0.5	
	Os diferentes apartados (resumo, introdución, obxectivos, etc.) cumpren cos contidos que corresponden a cada un deles e a súa redacción nos tempos verbais correspondentes	0.5	
Subtotal (puntuación máxima 1.5)			
Manexo das fontes de información	Utilización de fontes de datos diversas, fiables, oportunas e actuais, tanto no ámbito nacional como internacional. Rigor da cita.	0.5	
	Correcta elaboración das referencias bibliográficas segundo modelo e estilos elixidos.	0.5	
Subtotal (Puntuación máxima 1)			
Total		4.5	

2. Avaliación da Defensa do TFG			
Competencia xenérica	Criterios de avaliación	Máximo	
Comunicación oral	Exposición clara e ordenada, utilizando correctamente a linguaxe profesional.	1	
	Control emocional e habilidade para captar a atención do auditorio, poñendo énfase no mais significativo.	0.5	
Subtotal (puntuación máxima 1,5)			
Creatividade e/ou orixinalidade	Demostración clara e adecuada dos recursos audiovisuais de apoio a exposición.	1	
	Subtotal (puntuación máxima 1)		
Xestión do tempo	Distribución equilibrada do tempo de exposición	0.5	
	Subtotal (puntuación máxima 0.5)		
Defensa e razoamento	Elaboración de respostas fundamentadas ante as preguntas formuladas polo tribunal.	0.5	
	Receptividade fronte as suxestións recibidas		
Subtotal (Puntuación máxima 0.5)		3.5	
Informe confidencial do titor (20%)		2	
Total		5.5	